

MPN/ecp

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Vista a proposta de resolución da xefa do servizo de Cooperación que é do seguinte teor literal,

|               |   |
|---------------|---|
| SERVIZO       | Cooperación   |
| EXP. Nº       | 2024044747  |
| BENEFICIARIO  | Concello de AGOLADA   |
| PLAN/PROGRAMA | PLAN + PROVINCIA 2024-LIÑA 4  |
| ASUNTO        | Concesión de subvención (1.310,00 €)  |
| OBXECTO       | <i>REDACCION DO PROXECTO RECUPERACION E HUMANIZACION DA AVDA. DA CIRCUNVALACION</i> |

## "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

## ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo IV-Liña 4.
- Por acordo da Xunta de Goberno núm. 14.33333, de data 29/12/2023, o Concello de Agolada recibiu unha subvención para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da rede Ágora (exp: 2022023348) tal e como se indica na seguinte táboa:



| Expediente | Redacción proxecto   | orçamento | Subvención (Rede Agora) | Achega Concello |
|------------|--|-----------|-------------------------|-----------------|
| 2023006059 | Recup. e Humaniz. da Avda. do Iryda  | 14.100,00 | 12.690,00               | 1.410,00        |
| 2023006068 | Recupe. e Humaniz. Viales rodean Praza Alameda Banda de Brantega e Avda. Iryda     | 14.100,00 | 12.690,00               | 1.410,00        |
| 2023006071 | Recupe. e Humaniz. vial Camino a Ferreiroa desde Avda. Iryda a cemiterio municipal | 13.900,00 | 12.510,00               | 1.390,00        |
| 2023006078 | Recup. E Humaniz. da Avda. da circunvalación.                                      | 13.100,00 | 11.790,00               | 1.310,00        |
| TOTAL      |  | 55.200,00 | 49.680,00               | 5.520,00        |

- En data 22/03/2024, mediante rexistro WEB2024019066, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan+Provincia 2024, petición do Concello de Agolada na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto da liña 4 unha subvención, por importe total de 5.520,00 €, co obxecto do financiamento da "Redacción do proxecto RECUPERACION E HUMANIZACION DE DIFERENTES VIALES DO CONCELLO DE AGOLADA", cuxo orzamento ascende a 55.200,00 €.
- Revisada a documentación, a solicitude presentada fai alusión á redacción conxunta de 4 proxectos, non cumprindo o establecido na base 48ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, polo que se fai o oportuno requirimento ao concello e se lle indica que debe presentar as solicitudes de forma individual.
- En data 21/06/2024, mediante rexistro WEB2024041553, o concello emenda a solicitude presentada e solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto da liña 4 unha subvención, por importe de 1.310,00 €, co obxecto do financiamento da "REDACCION DO PROXECTO RECUPERACION E HUMANIZACION DA AVDA. DA CIRCUNVALACION", cuxo orzamento ascende a 13.100,00 €, quedando configurada a petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento   | Subvención -Plan +Provincia 2024 | Subvencións doutros plans, programas ou convenios da Deputación |
|------------|-------------|----------------------------------|---|
| 2024       | 13.100,00 € | 1.310,00 €                       | 11.790,00 € (Deputación Pontevedra.-REDE ÁGORA)                 |

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 47ª das reguladoras do Plan +Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada no reparto ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 48ª das reguladoras do Plan +Provincia 2024 que recollen o prazo e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención

## CONCLUSIONES

A petición do Concello de Agolada relativa á solicitude de subvención co obxecto do financiamento de "*REDACCION DO PROXECTO RECUPERACION E HUMANIZACION DA AVDA. DA CIRCUNVALACION*" (exp: 2024044747) foi presentada dentro do prazo recollido na convocatoria do Plan + Provincia 2024, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación necesaria para a válida concesión dunha subvención por importe de 1.310,00 €, en base a un orzamento que ascende a 13.100,00 €.

Visto que a actuación adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na base 47ª das reguladoras para a liña 4.

Visto que, en data 25/06/2024, o persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación emitiu informe favorable da memoria valorada da actuación a realizar.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, **INFORMO FAVORABLEMENTE** o expediente do Concello de Agolada e **PROPOÑO** que lle



sexa concedida unha subvención, por importe de 1.310,00 €, co obxecto do financiamento da "REDACCION DO PROXECTO RECUPERACION E HUMANIZACION DA AVDA. DA CIRCUNVALACION" (exp: 2024044747), cuxo orzamento ascende a 13.100,00 €.

A concesión da subvención realizarase contra a aplicación 24/942.9425.762.65 do orzamento provincial para o vixente exercicio na que existe crédito para atender o gasto.

#### REXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 61 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e nas bases de execución do vixente orzamento provincial a competencia para resolver correspóndelle á Presidencia.

*Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.*

En consecuencia tendo en conta o exposto e visto o informe da Intervención provincial, de data 28/06/2024 elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- Conceder ao concello de AGOLADA, CIF: P3602000F, unha subvención por importe de 1.310,00 € co obxecto do financiamento "REDACCION DO PROXECTO RECUPERACION E HUMANIZACION DA AVDA. DA CIRCUNVALACION" (exp: 2024044747) cuxo orzamento ascende a 13.100,00 €. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda, por importe de 11.790,00 €, concedida ao abeiro do Plan Ágora.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.65 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 53ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o proxecto deberá estar redactado a 31/12/2025 e xustificado a 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado da presente resolución ao concello de Agolada , á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
A xefa do servizo de Cooperación  
Marina Piñeiro Novo”

Vista a precedente proposta de resolución, RESOLVO, de conformidade coa mesma.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (arts. 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.

(documento asinado dixitalmente á marxe)

